Galicia Encantada

20 ANIVERSARIO 2005 ✦ 2025

Enciclopedia de Fantasía Popular de Galicia

Seres míticos

CATEGORÍAS RELACIONADAS

Alumbrantes e andadores

A única referencia que temos destes seres vénnos do Courel. Fálase de que os alumbrantes e/ou andadores eran (igual xa non existen) uns seres que andaban pola noite percorrendo os camiños. E engádese que ata hai ben pouco era costume asustar as crianzas máis rebeldes e atravesadas con frases coma esta:

—Mira que veñen os alumbrantes e os andadores e lévante!

BIBLIOGRAFÍA

FONTE:

PARADA JATO, Jesús Afonso, *Usos, costumes e cousas do Courel*, Toxosoutos, Noia, 2007, páx. 117.

Reigosa, Antonio (ed.) (2020): Guía de campo da Galicia Encantada. Dos seres míticos e dos lugares que habitan. Vigo: Edicións Xerais de Galicia.